

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

■ Obxecto:

O Servizo de Axuda no Fogar está dirixido a toda a poboación, pero ten como prioridade aqueles/as cidadáns/ás que presenten disfuncións ou discapacidades que limiten a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que teñan dificultades para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico, prestándolles unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico; e proporcionándolles a posibilidade de continuar no seu entorno natural, mentres isto sexa posible e convinte.

■ Prestacións:

- Atencións domésticas, entendendo como tales aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma cotiá no fogar relacionadas coa alimentación, roupa, limpeza e mantemento da vivenda.
- Atencións de carácter persoal, que inclúe actividades relativas a facilitar apoio social e afectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e apoio á mobilización dentro do fogar.
- Atencións psicosociais e educativas, consistentes no apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a integración na comunidade, así como apoio á estruturación familiar.
- Atencións de carácter técnico e complementario: refírense ás xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para o funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio das novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

■ Destinatarios/as:

- Familias ou persoas que presentan disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.
- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con discapacidades ás que a axuda no fogar poida favorecer-la súa autonomía.
- Menores aos/ás que haxa que atender por ausencia dos pais/nais ou titores ou cando estes, por motivos suficientemente xustificados, non poidan exercer as súas funcións.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.